

ACTA Nº 62

Abalo Núñez, María del Rocío
da Cuña Carrera, Iria
González González, Yoana
Hernández Niño, Juan David
Lantarón Caeiro, Eva María
Machado de Oliveira, Iris
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Soto González, Mercedes

Escusan asistencia:

Campo Prieto, Pablo
García Carballa, Pablo
Sande Rivadulla, Martina

Na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Fisioterapia, a través do Campus Remoto, sendo ás 16:00 horas do día 30 de novembro de 2020, e en convocatoria única, procédese a celebrar a Xunta Ordinaria da Comisión de Calidade.

Asisten os membros relacionados á marxe esquerda, e de acordo coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe das coordinadoras.
3. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade DO0203 e MC05 e os seus anexos.
4. Certificación del SGIC.
5. Informe de revisión interna, recomendacións e alegacións.
6. Informe satisfacción titulados, alumnado y alumnado COVID.
7. Rogos e preguntas.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase a acta referente a reunión do 29 de xullo de 2020 coas modificacións propostas pola profesora Abalo Núñez por asentimento.

2.- Informe das Coordinadoras.

A coordinadora Soto González informa que o pasado 09 de outubro ocorreu unha reunión coa Área de Calidade da Uvigo para tratar sobre aspectos relacionados co proceso de Certificación do Sistema de Garantía de Calidade e da súa axenda. Aínda queda pendente a publicación das datas de visita do equipo avaliador. A coordinadora Machado de Oliveira informou que o 20 de novembro enviouse ás alegacións a revisión do Informe de Revisión pola Dirección (IRD) enviado pola Área de Calidade. Nesa reunión mantida informouse tamén que a todos os Centros que pasarán pola auditoría de certificación do sistema de calidade realizouse o seguimento interno a través do IRD. Tamén comentouse nesa reunión dos tres procedementos que están pendentes de aprobación e que por certo están incluídos nesa orde do día dous deles, pero un deles foi retirado (DO0203) da orde do día pois a Área de Calidade detectou problemas co documento e informou que quedaría pendente a súa aprobación nun momento posterior. Infelizmente no momento de emitir a orde do día borrouse o código no procedemento que non era (DO0301). As coordinadoras Soto González e Machado de Oliveira propoñen aos membros asistentes desa reunión que si aceptan a modificación os procedementos que deben ser aprobados serían os DO0301 e MC05 e non como consta nesa convocatoria que aparece DO0203 e MC05. Tamén informouse nesa reunión que estanse revisando os procedementos PE01 e PE02 referentes ao Plan Estratéxico e de Seguimento e Medición co motivo de simplificalos e tamén os procedementos DO0102 e DO0103 tamén co fin de simplificalos. Finalmente comentaron nesa reunión que estase a facer un modelo xeral (formato

institucional) de IRD en consonancia coa Xunta (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego - ACSUG) para facilitar os procesos de seguimento.

A coordinadora Machado de Oliveira tamén comenta que inda que non foise incluído na orde do día un punto referente a análise das queixas suxestión e parabéns (QSP), recibíuse unha queixa referente a unha falta de comunicación en tempo e forma polo profesor Novoa Castro na materia de Ergonomía. As coordinadoras entraron en contacto co profesor e este explicou que parece haber habido un mal entendido cos alumnos pois el daba por feito que os alumnos tiñan entendido a modificación na clase proposta e non era así. Se procederá a dar resposta ao alumno que presentou a queixa e se notificará ao profesor na importancia en non haber fallos de comunicación en tempo e forma referente aos avisos da materia.

3.- Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade DO0301 (acordado modificación por asentimento dos membros presentes) e MC05 e os seus anexos.

Os documentos foron enviados en anexo coa convocatoria e a profesora Abalo Núñez informa de erros ortográficos nos documentos. Acórdase informar a Área de Calidade dos erros ortográficos encontrados e dos erros referentes a mestura de ambos idiomas, castelán e galego.

Apróbase por asentimento os procedementos coa condición de enviar a comunicación á Área de Calidade dos erros encontrados.

4.- Certificación del Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC).

A coordinadora Soto González comunica que seguimos á espera das datas relacionadas coa avaliación polo equipo auditor. Sabemos que o proceso desenvolverase de forma virtual. A coordinadora Soto González tamén informa do seu interese en poñer reunións cos alumnos dos diferentes curso e outros grupos de interese para poñerlles ao tanto do proceso en función da situación sanitaria que estamos vivindo e que xerou un maior afastamento dos alumnos da Facultade de forma presencial e que iso pode haber xerado un descoñecemento das accións levadas a cabo pola comisión. A coordinadora Machado de Oliveira matiza que, como xa informou a coordinadora Soto González, aínda non se sabe o modelo de visita virtual que vamos ter, si seguirá un modelo semellante aos que se levaba a cabo de forma presencial, mesmo sendo virtual, con reunións cos diferentes grupos de interese ou non.

5.- Informe de revisión interna, recomendacións e alegacións.

A coordinadora Soto González volve a comentar o que xa comentouse noutros puntos, pero que como vai como punto específico, que o noso IRD 18-19 foi obxecto de revisión interna como nos demais Centros que pasan polo proceso de certificación do SGIC. Con esta revisión enviáronnos unhas recomendacións as cales recibiron resposta no documento de alegacións. Algunhas das observacións incluídas foron as que enumeramos a continuación coas respostas respectivas:

- No apartado referente as estancias clínicas inclúense os nomes dos alumnos e alumnas por rotatorio e a Área de Calidade recomenda que manteñamos esa información soamente no informe de coordinación vertical e de esa forma que non aparezan os nomes dos alumnos e alumnas nese documento público. Respóndese afirmativamente e que para os próximos informes terase en conta a recomendación.
- Comentan que facemos unha análise moi detallada das enquisas de avaliación docente (EAD) e ademais con análise por materia e profesores con debilidades específicas pero que non incluimos accións de mellora específicas para esas debilidades observadas. Respóndese que non se establecen accións pois as accións a levar a cabo relacionada con un profesor son moi complicadas dende un punto de vista institucional.

- Outro aspecto mencionado pola Área de Calidade é que cando facemos a análise das accións de mellora levadas a cabo, non facemos mención de si leváronse a cabo de forma moi satisfactoria, satisfactoria ou pouco satisfactoria. Dende esa coordinación entendemos que si está completada esta cumpriuse de forma satisfactoria ou por exemplo que está cumprida parcialmente pero non entendemos a gradación que hai que dar. De tódolos modos indicárase sempre que posible a gradación no nivel de satisfacción do cumprimento das accións de mellora.
- Outro aspecto comentado é que o noso informe inclúe unha avaliación cun histórico moi amplo en anos e que non sería necesario, sendo necesario soamente facer referencia aos feitos no curso obxecto do IRD. Dende esa coordinación entendemos que o histórico é moi importante para entender o comportamento de determinados resultados ao longo do tempo e prever a necesidade de intervención ou de observación soamente.
- Finalmente, informaron que a gradación establecida referente aos resultados das enquisas presentaba un erro pois os cuestionarios inclúen unha escala de 1-5 e que lo tanto o 3 supón o 50% e non o 2,5. Respondeuse que se corraxirá na análise incluído o histórico para futuros IRDs.

Finalmente as coordinadoras consideran que a sensación é boa de cara ao proceso de avaliación para a certificación futura do SGIC.

6.- Informe satisfacción titulados, alumnado y alumnado COVID.

A profesora Abalo Núñez recomenda correccións relacionadas coa linguaxe inclusiva. A coordinadora Soto González explica que nos informes enviados soamente exprésanse os resultados, sen entrar a analizar o porqué dos mesmos, feito que ocorrerá no IRD do 19-20 cando se redacte. A coordinadora Machado de Oliveira explica que a diferenza dos informes de alumnado e alumnado Covid radica en que o Informe de alumnado fai referencia á enquisa que se pasa aos alumnos de 3º curso como tódolos anos, e que o Informe de alumnado Covid fai referencia a satisfacción do alumnado dos catro cursos e mailos alumnos e alumnas do Curso de Adaptación ao Grao (CAG) con relación as accións levadas a cabo en función da situación sanitaria e o paso a docencia virtual durante o segundo cuadrimestre do curso pasado. As coordinadoras tamén comentan que a enquisa pasada ao alumnado polo Covid pasouse moi pronto, antes dos exames, e que despois cando quixérona volver a pasar en xuño, a poboación que deu resposta a enquisa foi de soamente 6 alumnos en comparación cos 138 da primeira enquisa pasada e que polo tanto os datos da segunda enquisa non eran relevantes para a análise.

A coordinadora Machado de Oliveira comentou que pediuse a Área de Calidade os datos discriminados por materia e profesor para poder ter unha perspectiva mais axeitada da situación pois son coñecedoras da implicación desigual por parte do profesorado nas diferentes materias, pero tais datos para análise aínda non foron facilitados. A coordinadora Soto González tamén comenta que parte desa apreciación refléxase nas respostas ás preguntas abertas onde os alumnos e alumnas indican casos concretos de problemas relacionados con algunhas materias.

Apróbase por asentimento os informes de satisfacción de alumnado, alumnado Covid e titulados.

7.- Rogos e preguntas

O profesor Rodríguez Fuentes comenta que unha acción de mellora a levar a cabo relacionado con debilidades observadas de forma reiterada dalgún profesor que fose o seguimento individualizado dese docente e incluír como punto de orde do día de reunións da Comisión de Calidade do Centro a análise de dicho seguimento e que desa forma quedaría reflexada a preocupación do Centro e da Comisión de Calidade con ese problema.

Non houbo mais rogos nin preguntas por parte dos outros membros presentes.

Non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.00 h.

A SECRETARIA

A PRESIDENTA

Iris Machado de Oliveira

Eva María Lantarón Caeiro